



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

IPPEC

Convocatoria subvenciones: As Pontes Emprende 2023

ANUNCIO

Expediente n.º: 2022/A002/000209

Mediante Decreto 1609/2023, do 14 de xullo, da concelleira delegada de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria do programa “As Pontes Emprende” de axudas municipais á creación de empresas para o ano 2023 cuxo texto publícase a continuación:

“DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE INDUSTRIA, EMPREGO, SEGURIDADE E ATENCIÓN CIDADÁ

ANTECEDENTES DE FEITO

- Providencia de inicio de expediente ditada pola concelleira-delegada da área de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá do Concello das Pontes con data 12-07-2023.
- Proposta de bases reguladoras “As Pontes Emprende 2023” de axudas municipais á creación de empresas para o ano 2023 asinada pola concelleira-delegada da área de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá do Concello das Pontes con data 12-07-2023
- Informe-proposta favorable da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local con data 12-07-2023 relativo a aprobación das bases.
- Proposta de gasto asinada pola concelleira-delegada da área de Industria, Emrpego, Seguridade e Atención Cidada do Concello das Pontes con data 12-07-2023.
- Con data 14-07-2023 os servizos de intervención emiten informe de reparo nº 343 /2023.

FUNDAMENTOS LEGAIS

O Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, que aproba o Texto Refundido da lei de Facendas Locais, e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O órgano competente para aprobar este expediente, conforme co artigo 181 do TRLRFL e as bases de execución do orzamento, é o alcalde do concello. O alcalde delegou esta competencia na concelleira-delegada de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, Ana María Pena Purriños, mediante decreto de alcaldía número 1529 de data 05/07/2023.

Por todo isto, a través do presente decreto,

RESOLVO:

1º- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do programa “As Pontes Emprende” de axudas municipais á creación de empresas para o ano 2023 que deseguido se reflicten:

PROPOSTA BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA “AS PONTES EMPRENDE 2023” DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREAÇÃO DE EMPRESAS PARA O ANO 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Concellería de Recursos Humanos, Industria e Emprego, que comprende en particular, as áreas de Desenvolvemento e Promoción económica, co fin de cumprir cos obxectivos dirixidos a paliar o desemprego na nosa localidade, pretende incentivar a conversión de persoas desempregadas en traballadores/as autónomos/as e a creación de empresas, axudando a crear desta forma unha situación o suficientemente consistente para que a persoa traballadora que se acolla a estas axudas poida afrontar o reto do establecemento como traballador por conta propia ou a posta en marcha do proxecto empresarial.

Por medio desta actuación trátase de dinamizar a pequena e mediana empresa, aos autónomos e ao comercio tradicional, incentivando deste xeito a actividade económica local.

BASE 1ª.- FINALIDADE

Esta disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2023 das Axudas Municipais para o Fomento da Creación de Empresas no ámbito do Concello das Pontes.

Este programa ten por finalidade incentivar a creación de novos proxectos empresariais e en xeral fomentar a actividade empresarial, contribuíndo deste xeito á xeración de emprego no ámbito municipal do Concello das Pontes

BASE 2ª.- OBXECTO E BENEFICIARIOS/AS**2.1.- OBXECTO**

Poden ser obxecto desta subvención os novos proxectos empresariais emprendidos no ámbito deste concello por empresarios/as individuais ou a través de pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, que estén dados de alta no RETA ou en calquera outro réximen especial por conta propia da seguridade social, ou como mutualista de colexio profesional, cunha antigüidade máxima de 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas. Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido na Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, Diario Oficial da Unión Europea 124, pp. 36-41, do 20 de maio de 2003.

2.2.- BENEFICIARIO/A

Poderá ser beneficiario/a calquera persoa física ou xurídica cun novo proxecto empresarial, sexa autónoma individual ou autónoma integrada nunha sociedade civil, mercantil, sociedade laboral ou comunidade de bens que, ademais de cumprir os requisitos establecidos no artigo 11 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os especificamente fixados no antedito apartado, cumpran os seguintes requisitos:

Para as persoas físicas:

1 Desenvolver a súa actividade empresarial no Concello das Pontes nos seguintes termos:

- En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal das Pontes.

2 Requirirase estar empadroadado no Concello das Pontes no momento da solicitude da subvención.

3 Estar dado de alta no RETA ou en calquera outro réximen especial por conta propia da seguridade social, ou como mutualista de colexio profesional, cunha antigüidade máxima de 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

4 Que sexan empresas de nova creación – considerando incluídos en tal concepto os traspasos de negocios- sen que se admitan supostos de empresas procedentes da transformación xurídica. O inicio da actividade económica virá determinado pola alta no censo de obrigados tributarios e actividades económicas.

5 Que presenten un proxecto empresarial viable técnica, económica e financeiramente, acreditado na forma establecida no anexo III desta convocatoria. Este proxecto será avaliado polo persoal da Concellería de Industria e Emprego.

6 Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello das Pontes, coa Consellaría de Economía, empresa e Innovación da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social serán comprobados de oficio.

7 Manter a actividade por conta propia que xerou a alta no Réxime especial de traballadores autónomos obxecto da subvención, durante un período mínimo de dezoito meses dende a notificación da resolución da concesión da subvención; en caso contrario, o beneficiario/a estará obrigado/a a comunicarllo ao Concello e a reintegrar na Tesouraría do Concello a subvención percibida.

8 Ter concedidas, de seren necesarias, todas as licenzas/permisos pertinentes para o desenvolvemento da actividade ou, no seu defecto, xustificar que se están a tramitar.

9 Non ter sido beneficiario do programa “As Pontes Emprende” en anteriores convocatorias.

10 Non poderá ter a condición de beneficiario/a os empresarios/as e as pequenas e medianas empresas nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11 As persoas beneficiarias estarán suxeitas ás obrigas xerais que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para as persoas xurídicas:

12 Desenvolver a súa actividade empresarial no Concello das Pontes nos seguintes termos:

- En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal das Pontes.

13 Requirirase estar empadroado no Concello das Pontes no momento da solicitude da subvención do 50 % dos socios titulares das sociedades.

14 Ter unha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio da actividade empresarial para a que se solicita a axuda. A data da consitución da empresa, atendendo a data de primeira inscrición de rexistro público correspondente, debe ter unha actividade máxima de 5 anos, anteriores a data da publicación da convocatoria destas axudas.

15 Quedan excluídas aquelas novas empresas que cumprindo o requisito anterior, sexan transformación doutras cuxa primeira inscrición no Rexistro Público correspondente teña unha antigüidade superior a cinco anos ou que sexan continuidade dunha actividade que viña desenvolvendo outra empresa ou persoa autónoma cunha antigüidade de máis de cinco anos.

16 Que presenten un proxecto empresarial viable técnica, económica e financeiramente, acreditado na forma establecida no anexo III desta convocatoria. Este proxecto será avaliado polo persoal da Concellería de Industria, Promoción Económica, Comercio e Hostalaría para determinar a súa viabilidade.

17 Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello das Pontes, coa Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social serán comprobados de oficio.

18 Manter a actividade por conta propia que xerou a alta no Réxime especial de traballadores autónomos obxecto da subvención, durante un período mínimo de dezaioito meses dende a notificación da resolución; en caso contrario, o beneficiario/a estará obrigado/a a reintegrar na Tesouraría do Concello a subvención percibida.

19 Ter concedidas, de seren necesarias, todas as licenzas/permisos pertinentes para o desenvolvemento da actividade ou, no seu defecto, xustificar que se están a tramitar.

20 Non ter sido beneficiario do programa "As Pontes Emprende" en anteriores convocatorias.

21 Non poderá ter a condición de beneficiario/a os empresarios/as e as pequenas e medianas empresas nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

22 As persoas beneficiarias estarán suxeitas ás obrigas xerais que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

BASE 3ª.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria, faranse con cargo ao orzamento da Concellería de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá na aplicación orzamentaria 2023.433.47000 por un importe de 32.000,00 € euros anuais e na partida orzamentaria 2023.433.77000 por importe de 32.000 € anuais.

En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria de referencia, no momento en que se dite resolución da concesión. Non obstante, os créditos asignados á convocatoria poderán incrementarse, en calquera dos seus procedementos, como consecuencia de xeracións, incorporacións ou ampliacións da partida orzamentaria que a financian, sempre que sexan aprobadas antes da resolución de concesión.

A contía máxima a conceder a cada persoa beneficiaria (física ou xurídica) non poderá superar os 4.000 €, debendo axustarse os proxectos que optan á subvención, aos requisitos establecidos no obxecto da convocatoria e aos gastos a subvencionar especificados na base 4ª desta convocatoria.

BASE 4ª.- TIPO, GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DAS AXUDAS.

4.1.- As axudas son a fondo perdido; o importe das subvencións fixarase atendendo ao orzamento, á documentación aportada polo solicitante e ás disponibilidades orzamentarias. A contía final determinarase tendo en conta o criterio de suficiencia para o financiamento da acción proposta.

4.2.- A finalidade das axudas engadidas nesta convocatoria enmárcase en dúas liñas de actuación:

- INPÚLSATE: axuda cun importe máximo de dous mil euros (2.000 €) por persoa beneficiaria (física ou xurídica) para os gastos de aluguer para o desenvolvemento da actividade relativos ao ano 2023.
- INSTÁLATE: axuda cun importe máximo de dous mil euros (2.000 €) por persoa beneficiaria para os gastos de inmovilizado material e inversión en adecuación de locais para a posta en marcha da actividade, relativos ao ano 2023.

BASE 5ª.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIONS.

Serán compatible con calquera outra subvención outorgada por outras institucións, en particular e dado o seu carácter, as axudas establecidas nesta convocatoria serán compatibles coa capitalización ou pagamento único da prestación por desemprego.

En ningún caso, o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, superen os custos de alugueiro ou para os gastos de inmovilizado material e inversión en adecuación de locais necesarios para a posta en marcha ou o desenvolvemento da actividade subvencionados.

A persoa solicitante deberá declarar as axudas que obtivera ou solicitara para o mesmo fin, tanto ao iniciarse o expediente coma en calquera momento posterior, si así se lle solicitara.

BASE 6ª.- PROCEDIMENTO DE INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN E CONCESION DAS AXUDAS.

6.1.- O procedemento de concesión da subvención recollida nestas bases axustarase ao disposto no art. 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos, até o esgotamento do crédito orzamentario, e sen prexuízo do previsto no artigo 31.2 e 4 do mesmo texto.

Con todo, no suposto de que o crédito dispoñible non fose suficiente, por superar o importe máximo do mesmo, establecerase como criterio a orde de presentación das solicitudes no rexistro de entrada do concello.

6.2.- A instrución do procedemento a realizará a Concillería de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá do Concello das Pontes.

6.3.- Recibida a solicitude se non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, o órgano instrutor do procedemento, de conformidade co disposto no artigo 71 da LPAC, requirirá á persoa solicitante para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixera, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

6.4.- De acordo co previsto no artigo 22 da Lei 09/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano instrutor verificará a concorrencia dos requisitos requiridos nesta convocatoria para conceder as subvencións; para tal efecto, realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba formular a proposta de resolución. O órgano instrutor, previo informe previo dos/as técnicos/as da Concillería de Industria e Emprego, formulará a proposta definitiva de concesión de subvención ou no seu caso, da súa denegación ou exclusión.

6.5.- En calquera momento do procedemento poderá instarse á persoa ou entidade solicitante para que cumprimente calquera requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LPAC), concedéndose para ese efecto un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte ao da notificación, con expreso apercibimento de que, de non facelo así, poderáselle declarar decaído no seu dereito ao devandito trámite; con todo, admitirase a actuación do interesado e producirá efectos legais, de producirse antes ou dentro do día en que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo.

6.6.- A proposta de resolución remitirase á concelleira- delegada da Área de Industria, emprego, Seguridade e Atención Cidadá, que será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións no prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de solicitude.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a concelleira-delegada dite resolución expresa, entenderase desestimada a petición de axuda por silencio administrativo.

Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses computados a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co seu normativa específica, se produza o acto presunto. Transcorrido este último prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ferrol, sen prexuízo da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución da Concelleira-Delegada, de concesión ou denegación das axudas, esgota a vía administrativa e notificárase aos solicitantes no prazo de dez días desde que se dita, de acordo con previsto no artigo 58 da LPAC. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa notificación, perante o órgano competente da xurisdición contencioso- administrativa, de acordo co artigo 116 da LPAC

e dos artigos 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, regulamentaria da xurisdición contenciosa-administrativa. Potestativamente, poderá formularse recurso de reposición, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte da notificación do mesmo, perante o órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa LPAC.

6.7.- Os/as beneficiarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación do outorgamento da subvención a comunicarlle á Concellería de Industria e Emprego, a aceptación ou renuncia, por escrito, das axudas; transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

BASE 7ª.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

7.1.- As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte a data de publicación do extracto da **convocatoria** das presentes bases no Boletín oficial da provincia da Coruña e ata o 30 de setembro de 2023, segundo o modelo establecido no Anexo I, a través da sede electrónica, do rexistro do Concello ou por calquera outro medio establecido no artigo 13 e 14 da LPAC.

Xunto coa solicitude, aportarase a totalidade da seguinte documentación:

Documentación xeral:

- Ficha solicitude (anexo I) dirixida á Concellería de Industria e Emprego.
- DNI do solicitante e, no seu caso, do seu representante legal. No caso de traballadores autónomos estranxeiros non comunitarios permiso de residencia e permiso de traballo.
- CIF, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, de ser caso.
- Alta no Réxime especial de traballadores autónomos (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional correspondente.
- Informe de vida laboral actualizado do traballador na data de solicitude.
- Alta no Censo de Obrigados Tributarios (modelo 036 ou 037)
- Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE).
- Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día co Concello de As Pontes.
- Certificado de empadramento no momento de inicio da actividade.
- Anexo II desta convocatoria: declaración responsable.
- Anexo III desta convocatoria: Memoria de proxecto empresarial a desenvolver, ou calquera outro que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
- Anexo IV desta convocatoria: Relación numerada de xustificantes de gasto.
- Anexo V desta convocatoria: Modelo de designación de conta bancaria para a transferencia da subvención.

Documentación específica:

1º.- Liña Impulsate:

- Contrato de aluguer.
- Recibos de aluguer onde consten a retención de IRPF e o iva.
- Xustificante da transferencia bancaria do pagamento do aluguer.
- Licenza de obra/inicio da actividade ou da solicitude das mesmas, de seren necesarias, ou certificado da presentación da declaración responsable ou comunicación previa, ou referencia ao expediente de concesión da licenza ou de rexistro da solicitude/declaración responsable ou comunicación previa.
- Modelo 180, no momento da súa obtención.
- Modelo 115 dos trimestres nos que se imputan os gastos. Se non se posúen no momento da solicitude da subvención, deberán aportarse no momento da súa obtención.

2º.- Liña Instalate:

- Facturas que acrediten os gastos de investimento ou adquisición de inmovilizado para a posta en marcha ou desenvolvemento da actividade.

- Xustificante da transferencia bancaria do pagamento dos gastos de inmovilizado.
- Licenza de obra/inicio da actividade ou da solicitude das mesmas, de seren necesarias, ou certificado da presentación da declaración responsable ou comunicación previa, ou referencia ao expediente de concesión da licenza ou de rexistro da solicitude/declaración responsable ou comunicación previa.

Cando os beneficiarios da subvención sexan persoas xurídicas, os xustificantes de gasto (facturas) deberán estar a nome da sociedade (civil, mercantil, laboral, etc)

En aplicación do artigo 53.1.d da Lei 39/2015 LPAC, os/as cidadáns quedarán eximidos da presentación de calquera dos documentos anteriores cando calquera deles se atope en poder do Concello. Para tal fin, os/as interesados/as deberán indicar a data e o órgano de presentación do documento en cuestión.

BASE 8ª.- AUTORIZACIÓNS

8.1.- A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano instrutor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello das Pontes, segundo o establecido no artigo 20 da lei 09/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que se lle requira deberá presentar ditas certificacións.

8.2.- Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada da expresamente autorización ao Concello das Pontes para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida.

8.3.- Protección de Datos

Responsable do tratamento: Concello das Pontes de García Rodríguez. **Finalidade:** Tramitar e xestionar a subvención solicitada. **Lexitimación** O tratamento dos datos incluídos no presente formulario baséase no artigo 6.1. c) do RGPD: obriga legal e no artigo 6.1 e) do RGPD: interese público. **Destinatarios:** Están previstas comunicacións de datos ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, no seu caso tamén están previstas comunicacións á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria, aos organismos de control e a outras entidades para a correcta coordinación e desenvolvemento das accións. **Dereitos:** Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, así como limitación, portabilidade, cando procedan, ante Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal s/n, 15320 - As Pontes de García Rodríguez - A Coruña, indicando no asunto: Ref. Protección de Datos ou a través da Sede electrónica: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/>. **Información adicional:** Consultar o Anexo I (CAPA 2) – Información adicional protección de datos.

BASE 9ª.- FORMA DE PAGAMENTO.

O aboamento da subvención efectuarase mediante un pagamento único e o mesmo quedará condicionado a que:

- Se acredite a execución da actuación coa presentación da xustificación conforme ao establecido na Base 7ª e 10ª desta convocatoria.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

BASE 10ª.- XUSTIFICACIÓN

- O abono da subvención levarase a cabo mediante un pago único, previa comprobación de que a documentación xustificativa presentada é a correcta de conformidade co obxecto da subvención, e tendo en conta que esta xa deberá formar parte da documentación que acompaña á solicitude.
- Os gastos xustificables serán do exercicio no que se conceda a subvención e unicamente poderase presentar unha solicitude por beneficiario.
- As persoas beneficiarias das axudas deberán presentar cumpridos os 18 meses dende a notificación da resolución o Certificado da situación censal actualizado en dita data, para a verificación e comprobación do requisito establecido no apartado 2.2 da base 2ª das presentes bases, onde dí “ Manter a actividade por conta propia que xerou a alta no Réxime especial de traballadores autónomos obxecto da subvención, durante un período mínimo de dezoito meses dende a notificación da resolución; en caso contrario, o beneficiario/a estará obrigado/a a comunicarllo ao Concello e a reintegrar na Tesouraría do Concello a subvención percibida”

BASE 11ª.- VERIFICACION E CONTROL

Os/as beneficiarios/as quedarán obrigados/as a facilitar todas as actuacións de comprobación que se efectúen polo órgano instrutor para o seguimento das axudas. Así mesmo, quedarán sometidas ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Intervención do Concello das Pontes e ao Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

BASE 12ª.- MODIFICACIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS CONCEDIDAS.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así coma a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Procederá a revogación da subvención, así coma o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora, cando exista incumprimento pola persoa beneficiaria de calquera dos requisitos, condicións e demais circunstancias que deron lugar ao outorgamento da subvención, dando lugar á anulación da subvención concedida.

BASE 13ª.- RESPONSABILIDADES, RÉXIME SANCIONADOR E REINTEGROS.

13.1.- As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime de sancións que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, que establece o Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13.2.- Ademais das causas de invalidez da resolución da concesión, recollidas no art. 36 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dará lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así coma á esixencia dos xuros de demora desde a data de pagamento da subvención até que se acorde a procedencia de reintegro da mesma, os casos contemplados no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e, en concreto, por obterse a subvención falseando as condicións requiridas para conseguilo ou ocultando aquelas que o impedirán.

13.3.- O procedemento de reintegro de subvencións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no título VI da LPAC.

13.4.- Procederá o reintegro total da axuda percibida o incumprimento da obriga establecida nestas bases de manter a actividade durante un mínimo de dezoito meses.

13.5.- Na tramitación do procedemento de reintegro garantirase, en todo caso, o dereito da persoa interesada a audiencia. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses, desde a data de acordo de iniciación. Dito prazo poderá suspenderse e ampliarse, de acordo co previsto nos apartados 5 e 6 do artigo 42 da LPAC. De transcorrer o prazo para resolver sen que se notificara a resolución expresa de reintegro, producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continuar as actuacións até o remate e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas até o remate do antedito prazo.

BASE 14ª.- PUBLICIDADE.**14.1.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.**

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2023 do “Programa As Pontes Emprende 2023 de axudas municipais á creación de empresas”, coma un dos incentivos de promoción económica do Concello das Pontes do ano 2023, publicarase no Boletín oficial da provincia e no taboleiro electrónico do Concello, unha vez aprobadas polo órgano competente.

14.2.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

Os datos persoais que deban facilitar as persoas solicitantes das axudas serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as anteditas axudas e serán tratados para os exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de As Pontes.

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

14.3.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO.

As empresas ou autónomos beneficiarios das subvencións obxecto desta convocatoria **quedan obrigadas a expoñer un cartel (de forma visible e durante un ano)** informativo da súa participación no “Programa As Pontes Emprende de axudas municipais a creación de empresas para o ano 2023” do Concello das Pontes. O cartel será subministrado pola Concellería de Industria e Emprego.

As Pontes de García Rodríguez,

Asdo: Ana María Pena Purriños

Concelleira-delegada da Área de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

ANEXO I: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CREACION DE EMPRESAS (CONVOCATORIA 2023)**1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE**

DNI, NIE: _____ Data nacemento: ____/____/____ Nome e apelidos: _____;
 Tipo vía: _____ Enderezo: _____ N.º: _____ Portal: _____ Esc.: _____ Planta:
 _____ Porta: _____ C.P.: _____ Concello: _____ Provincia: _____ Teléfono:
 _____ Correo electrónico: _____

2.- DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

DNI, NIE: _____ Data nacemento: ____/____/____ Nome e apelidos:
 _____ Tipo vía: _____ Enderezo: _____ N.º: _____ Portal: _____ Esc.: _____
 Planta: _____ Porta: _____ C.P.: _____ Concello: _____ Provincia: _____ Telé-
 fono: _____ Correo electrónico: _____

3.- DATOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA

Actividade económica (descrición) _____ CNAE: _____.

Enderezo do negocio: Tipo vía: _____ Enderezo: _____ N.º: _____ Portal: _____ Esc.: _____ Planta: _____
 Porta: _____ C.P.: _____ Municipio: _____ Provincia: _____ Teléfono: _____ Correo
 electrónico: _____.

Data de alta na Seguridade Social: _____; Número de inscrición na Seguridade Social: _____;
 Data de alta no IAE: _____.

Firma

4.- LIÑA DE SUBVENCIÓNS Á/ÁS QUE CONCORRE (marcar):

- LIÑA IMPULSATE.
 LIÑA INSTALATE.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marcar so a documentación que se achega tendo en conta que non será necesario presentar a documentación pola que se realiza a AUTORIZACIÓN do art. 3 do Anexo II)

- DNI do solicitante e, no seu caso, do seu representante legal ou documentación equivalente para os estranxeiros (no caso de traballadores estranxeiros non comunitarios tamén será necesario permiso de residencia e de traballo).
 C.I.F., escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil.
 Alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional correspondente.
 Informe da vida laboral actualizada do traballador na data da solicitude.
 Alta no Censo de Obrigados Tributarios (modelo 036 ou 037)
 Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE)
 Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social
 Certificado de estar ao día coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
 Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
 Certificado de estar ao día nas súas obrigas co Concello de As Pontes.
 Copia da licenza de obra/inicio da actividade ou da solicitude das mesmas, de seren necesarias, ou copia da presentación da declaración responsable ou comunicación previa, ou referencia ao expediente de concesión da licenza ou de rexistro da solicitude/declaración responsable ou comunicación previa.
 Certificado de empadramento do momento de inicio da actividade.
 Contrato de aluguer (só liña Impulsate).
 Recibos de aluguer e dos xustificantes de transferencia bancaria de pagamento do aluguer (só liña Impulsate).
 Facturas que acrediten os gastos de investimento ou adquisición de inmovilizado para a posta en marcha ou desenvolvemento da actividade (só liña INSTÁLATE).

- Xustificante de transferencia bancaria do pagamento dos gastos de inmovilizado (só liña INSTÁLATE).
- Anexo II de declaración responsable.
- Anexo III Memoria de proxecto empresarial a desenvolver, ou calquera outro que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
- Anexo IV desta convocatoria: relación numerada de xustificantes de gasto.
- Anexo V desta convocatoria: Modelo de designación de conta bancaria para a transferencia da subvención.

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura

Responsable do tratamento: Concello das Pontes de García Rodríguez. **Finalidade:** Tramitar e xestionar a subvención solicitada. **Lexitimación** O tratamento dos datos incluídos no presente formulario baséase no artigo 6.1. c) do RGPD: obrigación legal e no artigo 6.1 e) do RGPD: interese público. **Destinatarios:** Están previstas comunicacións de datos ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, no seu caso tamén están previstas comunicacións á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria, aos organismos de control e a outras entidades para a correcta coordinación e desenvolvemento das accións. **Dereitos:** Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, así como limitación, portabilidade, cando procedan, ante Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal s/n, 15320 - As Pontes de García Rodríguez - A Coruña, indicando no asunto: Ref. Protección de Datos ou a través da Sede electrónica: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/>. **Información adicional:** Consultar o Anexo I (CAPA 2) – Información adicional protección de datos.

ANEXO II: DECLARACION RESPONSABLE

_____, con DNI _____, e con enderezo a efectos de notificacións en _____

1 DECLARO RESPONSABLEMENTE, en relación coa convocatoria do Programa de axudas municipais do concello das Pontes á creación de empresas para o ano 2022, que:

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non incorro en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a da subvención establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 09/2007, de subvencións de Galicia e reúno as condicións para ser beneficiario/a de acordo co previsto na base segunda desta convocatoria.
- Non desenvolvín igual ou similar actividade empresarial ou profesional na mesma localidade, ou na súa área de influencia, nos seis meses anteriores a data de inicio desta nova actividade.

2 Asemade, DECLARO RESPONSABLEMENTE, en canto a outras subvencións en relación co obxecto da subvención solicitada (marcar unha opción):

Que para este proxecto, solicitei e/ou obtiven as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda	Organismo	Disposición Reguladora	Solicitada / Concedida	Ano	Importe

ou, alternativamente:

- Que non solicitei nin, polo tanto, teño concedidas outras axudas ou subvencións de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, para a mesma finalidade que as subvencións para a creación de empresas convocadas polo Concello das Pontes.
- Que non obtiven axuda para a creación de empresas ou do propio posto de traballo da Consellería de Traballo e Benestar que financien os gastos de alugueiro e adquisición de inmovilizado para o desenvolvemento da actividade.

3 AUTORIZO ao Concello das Pontes a obter a seguinte documentación ou certificacións establecidas na base 7ª desta convocatoria:

Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.

Certificado de estar ao día coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Certificado de estar ao día co Concello de As Pontes

Certificado de empadramento do momento de inicio da actividade.

4 ACEPTO as actuacións de comprobación e seguimento que leve a cabo o órgano instrutor da Concellería de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

5 AUTORIZO a Concellaría de Recursos Humanos, Industria e Emprego do Concello das Pontes, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, a realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa, nomeadamente, a solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a información sobre a situación de alta na Seguridade Social durante os primeiros dezoito meses da actividade, conforme ao establecido na base segunda e undécima da convocatoria.

6 AUTORIZO, para os efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Concellaría de Recursos Humanos, Industria e Emprego a incorporar estes datos, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello das Pontes que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei Xeral de Subvencións, 38/2003 e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese.

Son, así mesmo, consciente de que os datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, e comprométome a comunicar no menor prazo de tempo posible a Concellería de Recursos Humanos, Industria

e Emprego, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. A unidade tramitadora, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercer os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación á Concellería de Recursos Humanos, Industria e Emprego do Concello das Pontes.

7 COÑEZO as responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

As Pontes de García Rodríguez, ___ de ____ do 20__

Asdo. _____

Responsable do tratamento: Concello das Pontes de García Rodríguez. **Finalidade:** Tramitar e xestionar a subvención solicitada. **Lexitimación** O tratamento dos datos incluídos no presente formulario baséase no artigo 6.1. c) do RGPD: obriga legal e no artigo 6.1 e) do RGPD: interese público. **Destinatarios:** Están previstas comunicacións de datos ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, no seu caso tamén están previstas comunicacións á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria, aos organismos de control e a outras entidades para a correcta coordinación e desenvolvemento das accións. **Dereitos:** Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, así como limitación, portabilidade, cando procedan, ante Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal s/n, 15320 - As Pontes de García Rodríguez - A Coruña, indicando no asunto: Ref. Protección de Datos ou a través da Sede electrónica: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/>. **Información adicional:** Consultar o Anexo I (CAPA 2) – Información adicional protección de datos.

5.- PLAN DE INVERSIONES

INMOVILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE	IMPORTE (€)
Terreos e construcións	
Compra de locais	
Acondicionamento do local	
Instalacións	
Ferramentas	
Maquinaria	
Elementos de transporte	
Mobiliario	
Equipos de proceso de información	
Investigación e desenvolvemento	
Concesións administrativas	
Propiedade Industrial	
Fondo de comercio	
Dereitos de traspaso	
Aplicacións informáticas	
Outros	
TOTAL INVERSIÓN INICIAL	

6.- PLAN DE FINANCIAMENTO

FINANCIAMENTO INICIAL	IMPORTE (€)
Fondo propios ou achegas de socios	
Financiamento alleo (préstamos ou créditos)	
Outras fontes de financiamento	
TOTAL FINANCIAMENTO INICIAL	

7.- CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PREVISTA PARA O PRIMEIRO ANO.

INGRESOS	1º ANO
Vendas	
Prestacións de servizos	
Outros ingresos	
Total ingresos	

GASTOS	1º ANO
Gastos de constitución	
Compras mercadorías, materias primas, etc...	
Arrendamentos	
Servizos de profesionais independentes	
Publicidade	
Transportes	
Seguros do local	

GASTOS	1º ANO
Outros seguros	
Subministración (electricidade, auga, etc.)	
Tributos	
Gastos Seguridade Social do promotor/a	
Gastos do persoal contratado	
Gastos financeiros	
Dotación por amortizacións	
Outros	
Total gastos	
BENEFICIO PREVISTO (ingresos-gastos)	

As Pontes de García Rodríguez, ___ de _____ de 20__

Asdo. _____

Responsable do tratamento: Concello das Pontes de García Rodríguez. **Finalidade:** Tramitar e xestionar a subvención solicitada. **Lexitimación** O tratamento dos datos incluídos no presente formulario baséase no artigo 6.1. c) do RGPD: obrigación legal e no artigo 6.1 e) do RGPD: interese público. **Destinatarios:** Están previstas comunicacións de datos ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, no seu caso tamén están previstas comunicacións á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria, aos organismos de control e a outras entidades para a correcta coordinación e desenvolvemento das accións. **Dereitos:** Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, así como limitación, portabilidade, cando procedan, ante Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal s/n, 15320 - As Pontes de García Rodríguez - A Coruña, indicando no asunto: Ref. Protección de Datos ou a través da Sede electrónica: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/>. **Información adicional:** Consultar o Anexo I (CAPA 2) – Información adicional protección de datos.

ANEXO IV

RELACION NUMERADA DE XUSTIFICANTES DE GASTO

SOLICITANTE

DNI, NIE: _____ Data nacemento: ____/____/____ Nome e apelidos:
 _____ Tipo vía: _____ Enderezo: _____
 _____ N.º _____ Portal: _____ Esc.: _____ Planta: _____ Porta: _____ C.P.: _____ Concello: _____
 Provincia: _____ Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

Para a súa xustificación e previo ao pagamento da subvención (marcar)

LIÑA IMPULSATE

DECLARO: que a totalidade dos gastos presentados son conforme aos requisitos e criterios establecidos nas Bases da Convocatoria desta subvención o cal acredito mediante a presentación dos seguintes xustificantes bancarios do pagamento

Nº ORDEN	Aluguer Mes	Importe	Observacións
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
		Total:	

LIÑA INSTALATE

DECLARO: que a totalidade dos gastos presentados son conforme aos requisitos e criterios establecidos nas Bases da Convocatoria desta subvención o cal acredito mediante a presentación dos seguintes xustificantes bancarios do pagamento

Nº ORDEN	CIF QUEN EXPIDE FACTURA	NOME QUEN EXPIDE FACTURA	Importe	Observacións
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
			Total:	

As Pontes de García Rodríguez, ____ de _____ de 20__

Sinatura

Responsable do tratamento: Concello das Pontes de García Rodríguez. **Finalidade:** Tramitar e xestionar a subvención solicitada. **Lexitimación** O tratamento dos datos incluídos no presente formulario baséase no artigo 6.1. c) do RGPD: obriga legal e no artigo 6.1 e) do RGPD: interese público. **Destinatarios:** Están previstas comunicacións de datos ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, no seu caso tamén están previstas comunicacións á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria, aos organismos de control e a outras entidades para a correcta coordinación e desenvolvemento das accións. **Dereitos:** Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, así como limitación, portabilidade, cando procedan, ante Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal s/n, 15320 - As Pontes de García Rodríguez - A Coruña, indicando no asunto: Ref. Protección de Datos ou a través da Sede electrónica: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/>. **Información adicional:** Consultar o Anexo I (CAPA 2) – Información adicional protección de datos.

ANEXO V

DESIGNACIÓN DA CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN

DE BAIXA DE DATOS BANCARIOS

I. Datos do acredor (deberá acompañar copia do NIF)

NIF	Nome ou denominación social	
Enderezo fiscal		Municipio
Provincia	Código Postal	Teléfono

II. Datos do representante

NIF	Nome
-----	------

III. Alta de datos bancarios

BIC	Código IBAN
<p>A CUBRIR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO</p> <p>Certifico, a petición da persoa indicada en "I. Datos do acredor" e para os efectos da domiciliación dos importes que á mesma lle vaia ordenar a Tesourería Municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez, a existencia da conta referenciada en "III. Alta de datos bancarios", aberta a nome do titular que se indica no citado apartado "I. Datos do acredor".</p> <p style="text-align: right;">POLA ENTIDADE DE CRÉDITO</p> <p>(Selo da entidade de crédito)</p> <p style="text-align: right;">Asdo.: _____</p>	

IV. Baixa de datos bancarios

BIC	Código IBAN
-----	-------------

(Sinatura do acredor ou representante)

_____, ____ de _____ de _____ Asdo.: _____

Responsable do tratamento: Concello das Pontes de García Rodríguez. **Finalidade:** Tramitar e xestionar a subvención solicitada. **Lexitimación** O tratamento dos datos incluídos no presente formulario baséase no artigo 6.1. c) do RGPD: obrigaón legal e no artigo 6.1 e) do RGPD: interese público. **Destinatarios:** Están previstas comunicacións de datos ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, no seu caso tamén están previstas comunicacións á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria, aos organismos de control e a outras entidades para a correcta coordinación e desenvolvemento das accións. **Dereitos:** Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, así como limitación, portabilidade, cando procedan, ante Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal s/n, 15320 - As Pontes de García Rodríguez - A Coruña, indicando no asunto: Ref. Protección de Datos ou a través da Sede electrónica: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/>. **Información adicional:** Consultar o Anexo I (CAPA 2) – Información adicional protección de datos.

2- Publicar estas bases no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro Electrónico do Concello.

Asdo: Ana María Pena Purriños

Concelleira-delegada da área de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá"

As Pontes de García Rodríguez, 14 de xullo do 2023

Ana María Pena Purriños

Concelleira-delegada da área de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

2023/5831